

BORIS SEN BÉATRICE

[Denis Côté, 2016]

232

ESTREA EN NUMAX: 19.05.2017 | V.O.S.E. | +7

Boris sans Béatrice (2016, 93')

Dirección: Denis Côté

Guión: Denis Côté

Elenco: James Hyndman, Simone-Élise Girard, Denis Lavant, Isolda Dychauk, Dounia Sichov, Laetitia Isambert-Denis, Louise Laprade, Bruce LaBruce

Son: Frederic Cloutier

Montaxe: Nicolas Roy

Fotografía: Jessica Lee Gagné

Música: Ghislain Poirier

Produtoras: Metafilms (Canadá)

Distribuidora: Paco Poch Cinema

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idiomas orixinais: Francés, inglés, ruso

PREMIOS E FESTIVAIS

Berlinale 2016 (sección oficial)

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Vic+Flo Saw a Bear, 2013

Bestiaire, 2012

Curling, 2010

Les lignes ennemies, 2010

Carcasses, 2009

Ella quiere el caos, 2008

Nos vies privées, 2007

Les états nordiques, 2005

SINOPSE

Boris é un triunfador: forte, independente, orgulloso e sedutor. Ostenta a arrogancia propia do éxito. A súa muller, Béatrice, ministra do goberno de Canadá, padece unha depresión misteriosa. Para se evadir da enfermidade da súa muller Boris mantén unha relación coa súa colega Helga, ao tempo que intima coa coidadora de Béatrice, Klara. Pero a aparición repentina dun estraño obrigará a Boris a confrontar a súa visión do mundo e cuestionarse os seus logros e certezas.

«Exquisita comedia negra. O tema esencial da fita, a incomunicación marital, trasládase ás decisións formais de toda o filme»

Carlota Moseguí, OTROS CINES EUROPA



BORIS SEN BÉATRICE

[Denis Côté, 2016]

★
EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

“Sabía que Denis Lavand lle daría ao seu estraño personaxe algo único”

Entrevista con Denis Côté

Como decidiches situar *Boris sen Béatrice* nun contexto de riqueza e privilexio? Logo de oito longametraxes un preguntábase se visitou a meirande parte dos recantos do seu interior. Semella que debuxei e creei un lote de personaxes necesitados, mudos ou desafortunados e sentín a necesidade de abordar outro ámbito. Tamén sentín a necesidade de explorar o tema do éxito. Boris pertence a un mundo acomodado e ten todo o que precisa. Desde ese punto de partida, quería contar unha historia que nin fose antiburguesa nin cínica, senón realmente sobre un home poderoso, privilexiado, asaltado pola dúbida e confrontado á súa conciencia. Este tipo de persoas tamén ten os seus problemas ao seu nivel, tentei facer un filme que non fose burgués nin superficial. Agardo e coido que moitos aspectos do problema de Boris son universais e non están conectados con ningunha clase social en particular.

Que é importante para vostede na relación entre Boris e a súa esposa, Béatrice? É moi importante ver o filme como a historia dun home poderoso enfrontado ao mundo que o rodea. Un

home que se ve obrigado a cuestionar todo o que logrou e a considerar o que perdeu ou descodou no camiño. Un día, a dúbida irrompe na súa vida na forma dun home misterioso. Por iso non deixei moito espazo para explicar o personaxe de Béatrice, son consciente diso. Béatrice é o principal dano colateral na actitude de Boris ante a vida. Asegureime de que Béatrice resultase misteriosa, sen apenas diálogo. Non quería cambiar o enfoque cara a ela, cara aos seus logros, a súa personalidade, as súas metas, o que fixo, o que perdeu ou calquera cousa relacionada co seu futuro. Sentín que era outro filme, outra historia. Sabemos que ela ten moita importancia para Boris. Sabemos que Boris a ama de verdade. Sabemos que ela, sendo política, pertence ao mesmo ambiente poderoso ca el. Mais a súa presenza está aberta, feita de luz e misterio. Sen prestar moita atención á súa psicoloxía precisamente para concentrar o enfoque na loita de Boris. É unha elección que fixen ao concibir o filme.

Como son as relacións de Boris coas diferentes mulleres do filme, todas moi potentes: a súa muller, a súa coidadora, a súa amante, a súa filla? É interesante ver como os homes ricos e exitosos adoitan rodearse de mulleres mentres que as empresarias poderosas e ricas soen asustar á maioría dos homes. Tal vez o que acabo de dicir sexa un cliqué. Mais isto pertence aínda ao triste mundo que nos rodea e sobran exemplos para demostralo. A ironía é, por suposto, que Boris non pode facer un camiño pola vida sen o apoio físico e emocional das

mulleres. De feito, as mulleres son fortes e equilibradas e Boris aparece como o personaxe máis feble do filme. Así que ao final, quen é o que está enfermo? Béatrice? De verdade? Temos probas diso? Non. E como dixeran, asegureime de que Simone-Elise Girard crease unha Béatrice que fose enigmática e intrigante, non unha enferma que inspirase compaixón.

Como foi a súa colaboración con dous heroes de culto de Canadá e Francia como Bruce LaBruce e Denis Lavant? Pensei que era un todo un acontecemento ter a un Primeiro Ministro de Canadá nun dos meus filmes e non vía a forma de pedirlle a calquera actor ao chou que fixera o papel. Pensei que Bruce sería unha figura moi divertida nese papel. Primeiro, a idea fíxome rir moito mais logo tomeina moi en serio e decidín contactalo. Estaba tan feliz cando dixo que si. En canto a Denis Lavant, había rumores de que estaba realmente aberto a novos proxectos. Denis é un actor estupendo, amábel e de novo tiven a ocasión de ver que é un ser humano marabilloso e sabía que lle daría ao meu estraño personaxe algo absolutamente único. Misión cumprida.

Publicado en www.pacopoch.cat/
Tradución ao galego: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

